

CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

EXPLO
RAR 

EXPOSICIÓNS

▶ MÚSICA

LITERATURA E
PENSAMENTO

EN FAMILIA

CONNECT

▶ **GALICIAN
CONNECTION**

▶ *Xornadas internacionais
de músicas do mundo*

Dossier de prensa

11Abr

13Abr

CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

EXPLO
RAR 

EXPOSICIÓNS

▶ MÚSICA

LITERATURA E
PENSAMENTO

EN FAMILIA

| INTRODUCCIÓN |

A Cidade da Cultura de Galicia échese de vida. Exposicións, concertos, espectáculos de artes escénicas, encontros de artistas, ciclos literarios, seminarios, foros de debate... todo un programa cultural dirixido a estimular a creatividade e o coñecemento.

O complexo deseñado por Peter Eisenman no monte Gaiás de Santiago ponse en marcha como un novo espazo para VISITAR, un territorio onde EXPLORAR todas as súas posibilidades culturais e artísticas, unha factoría onde CREAR novos proxectos, un lugar para APRENDER e INTERCAMBIAR experiencias, e unha infraestruturas disposta a SUMAR os seus recursos aos proxectos máis innovadores, un programa cultural que pon toda a beleza arquitectónica e recursos deste proxecto ao servizo da cultura. Invitámosvos a que vos acheguedes a participar neste proxecto de todos que é a Cidade da Cultura de Galicia.



| GALICIAN CONNECTION |

A Cidade da Cultura de Galicia pon en marcha do 11 ao 13 de abril Galician Connection, tres xornadas dedicadas á World Music que pretenden converterse nun espazo para o encontro e a interacción cultural. Coordinada pola artista Cristina Pato, e coa participación especial do recoñecido músico cubano Paquito D’Rivera, unha das grandes figuras da música cubana, fundador do grupo Irakere con Chucho Valdés e gañador de doce Grammys, esta enriquecedora viaxe polas músicas do mundo inclúe un programa formativo, charlas e debates e un concerto de clausura no Museo de Galicia.

Ao longo de tres días, o Gaiás reunirá a corenta músicos galegos e mestres doutras latitudes para establecer un diálogo cultural creativo a través da música. Compartindo experiencias nestas xornadas estará un dos máximos expoñentes da cultura tradicional chinesa e posuidor de varios Grammys, Wu Tong; o mestre de táboa india Sandeep Das; unha das figuras máis influentes dentro do ‘tango-jazz’, o arxentino Emilio Solla; ademais do músico, arranxista e compositor de jazz cubano Paquito D’Rivera. Como representantes da tradición galega, Galician Connection contará co membro fundador de Berrogüeto, Anxo Pintos, e a que foi a súa voz durante máis dunha década, Guadi Galego.

Programa formativo exclusivo

Dirixido primordialmente a músicos, intérpretes, docentes e estudosos do panorama musical profesional, Galician Connection ofrece un programa de formación exclusivo impartido por estes seis mestres da música, a través do que os asistentes coñecerán as distintas realidades musicais que os convidados representan. O programa inclúe foros de debate ao redor da World Music, asistencia a ensaios e clases prácticas onde descubrir novas técnicas instrumentais e sonoridades comúns, e encontros “cara a cara”, onde cada participante poderá falar co músico convidado co que desexe tratar dunha forma directa e persoal. Galician Connection reserva a mañá do venres 13 de abril para que todos eles poidan achegarse á figura dun músico único como é Paquito D’Rivera, nunha sesión que mesturará clase maxistral, diálogo musical e encontro informal. Un total de corenta serán os afortunados que formen parte deste programa especial para o que xa se poden inscribir a través de www.cidadedacultura.org a un prezo de 70 euros, 50 para estudantes.

Foro de debate

A World Music tamén será abordada dende o punto de vista da programación e a busca de novos mercados a través do Foro Diálogo Intercultural e Desenvolvemento Cultural Sostible. Da man dos responsables de festivais como o APAP de Nova York, o Festival Internacional de Jazz de Barcelona ou o HUM Ensemble, abordaranse temas clave como a internacionalización, estratexias de posicionamento da música galega no mercado internacional, a elaboración das programacións dos eventos de prestixio ou modelos e experiencias de programacións sostibles. Todos aqueles interesados no mundo da programación musical poderán facelo aínda que non estean inscritos no Galician Connection, previa reserva de praza en www.cidadedacultura.org a un prezo de dez euros.

Galician Connection ao Vivo

O peche de ouro chegará con Galician Connection ao Vivo, un concerto de clausura a cargo dos seis músicos convidados, que interpretarán un repertorio orquestrado ao longo dos tres días de convivio no Gaiás. A actuación contará cun escenario de luxo: o Museo de Galicia, que reunirá un total de 400 persoas na que será a súa estrea como sala de concertos. A adquisición de entradas poderá facerse proximamente en www.servinova.com a un prezo de doce euros.

| PROGRAMA |

F Foro: Inscritos + 50 prazas máis a 10€.

C Concerto: Inscritos + Entradas a 12€ ata completar o aforo

MÉRCORES 11 DE ABRIL

MAÑÁ

10:00-11:15 Sesión de apertura.

11:30-14:00 **Presentación.**
Sesión de presentación entre os inscritos e debate, coordinado por Cristina Pato, sobre o sector da World Music en Galicia e da música galega no mundo.

TARDE

17:00 **F** **Foro: *Diálogo intercultural e desenvolvemento cultural sostible.***
Modera: Cristina Pato.
Participan:
• John X. Fernández. Produtor da APAP Conference de Nova York.
• Joan A. Cararach. Director do Festival Internacional de Jazz de Barcelona.
• Sandeep Das. Director do HUM Esemble.
• Antón Martínez. Director do Festival Son Cuba.

XOVES 12 DE ABRIL

MAÑÁ

12:30-14:00 **Sesión de ensaios abertos.**
Os inscritos asistirán aos ensaios para o concerto de clausura a cargo dos músicos convidados, favorecendo que coñezan de primeira man os avances nas composicións e o desenvolvemento do proceso creativo.

TARDE

17:00-18:40 **Encontros Interculturais I. Menú de músicas do mundo: Cuba, China, India e Arxentina.**
Os participantes afondarán no coñecemento de distintas tradicións musicais a través das experiencias dos músicos convidados, todos eles especialistas en instrumentos singulares.

18:40-19:00 Pausa-Café

19:00-21:00 **Encontros Interculturais II. Bis a bis. Encontros personalizados entre os músicos convidados e os participantes.**
Baixo a fórmula da *speed dating* ou cara a cara, os participantes poderán solicitar unha reunión ou encontro informal con aquel convidado que desexen.

VENRES 13 DE ABRIL

MAÑÁ

11:00-14:00 **Encontros Interculturais III. Paquito D’Rivera.**
Diálogo musical entre os asistentes e Paquito D’Rivera.

TARDE

21:00 **C** Concerto de clausura no Museo de Galicia.

| ARTISTAS - GALICIAN CONNECTION |



Xan Padroón

CRISTINA PATO

Doutorada con honores pola Rutgers University (EUA), actualmente é profesora adxunta de New Jersey City University (EUA). Forma parte do Silk Road Ensemble do cellista chinés Yo-Yo Ma co que está a desenvolver un proxecto de colaboración coa Harvard University. Cristina Pato asume a dirección artística do Galician Connection promovendo a conexión galega coas músicas do mundo, empregando a súa experiencia a nivel internacional para proxectar a visión da música galega no panorama internacional. Conta con catro discos como gaitreira solista, dous como pianista e un premio Grammy.



Andrew Lepley

PAQUITO D'RIVERA

Gañador de múltiples Grammys en categorías tan dispares como clásica, jazz, cross-over ou latin Jazz, Paquito D'Rivera é unha das grandes figuras da música cubana. Fundador con Chucho Valdés da Orquesta Cubana de Música Moderna e, posteriormente, o grupo Irakere; este músico, arranxista e compositor de jazz deu o salto nos 60 a EEUU, onde comezou a súa colaboración cos mellores músicos do momento e rescatou do ostracismo o mestre Bebo Valdés. A súa traxectoria valeulle, entre outros galardóns, a Medalla Nacional das Artes dos EEUU.



Todd Rosenberg

WU TONG

Considerado unha das figuras máis importantes da música tradicional chinesa, Wu Tong é un referente a nivel mundial do instrumento chinés Sheng, especie de órgano de boca. Con varios nomeamentos aos premios Grammy nas súas costas, Tong foi tamén un dos pioneiros en mesturar a tradición co rock a través de Lunhui, primeira banda de rock en aparecer na televisión nacional chinesa e récord de vendas no mercado chinés dos 90. Neno prodixio e referente da música chinesa é colaborador da New York Philharmonic e de Yo-Yo Ma.




Todd Rosenberg

SANDEEP DAS

Sandeep Das é un dos principais mestres e máximos referentes mundiais como compositor e intérprete de táboa india. Tras debutar aos 16 anos con Ravi Shankar, con quen segue a colaborar, Sandeep Das gravou para máis de 30 selos discográficos e acumula varios nomeamentos aos Grammy. Como director, fundou o "HUM: Harmony and Universality through Music" e organiza cada ano o festival HUM Ensemble en varias cidades do seu país, no que invita a artistas doutras culturas a dar a coñecer as tradicións dos seus países.

| ARTISTAS - GALICIAN CONNECTION |



EMILIO SOLLA

Considerado como un dos máis destacados e persoais representantes do tango-jazz, o arxentino Emilio Solla é un dos mellores arranxistas -e colaborador habitual de artistas como Paquito D'Rivera ou Arturo O'Farril e The AfroLatin Jazz Orchestra-, compositor de musicais e orquestrador. A súa fusión do tango e folclore arxentinos co jazz e outros estilos contemporáneos foi aplaudida por Astor Piazzola e o seu traballo como formador abrangue un amplo abano de estilos, incluíndo traballos discográficos e multitude de colaboracións en Latinoamérica.



Xoán Piñón

ANXO PINTOS

Procedente dunha familia de músicos, o multiinstrumentista e compositor galego Anxo Pintos soubo combinar a paixón pola nosa cultura coa súa evolución. Fundador do grupo Matto Congrio, impulsor da primeira orquestra folk galega, Son de Seu, e membro fundador do grupo Berrogüeto, Anxo Pintos realiza hoxe en día un destacado labor docente como profesor da E-Trad, Escola Municipal de Música Folk e Tradicional de Vigo, onde é profesor de zanfona dende hai trece anos.



Karlos Abad

GUADI GALEGO

Guadi Galego foi, durante unha década, a voz de Berrogüetto, banda folk coa que acadou un gran recoñecemento internacional e varios nomeamentos aos Grammy Latinos ou aos premios da Música. Traballos como *Espido*, gravado xunto a Guillerme Fernández, ou *Nordestin@s*, xunto a Abe Rábade e Ugía Pedreira, son unha perfecta mostra da ampla capacidade da súa voz para enriquecer diversos estilos musicais. En 2009 comezou a súa carreira en solitario co disco *Benzón*, que acadou o premio ao mellor disco do ano.

| INFORMACIÓN PRÁCTICA |

Organiza: Cidade da Cultura de Galicia. | **Produce:** Nordesía.

Perfil de asistente: o conxunto de actividades pola súa característica vai dirixido primordialmente a **músicos, intérpretes, docentes e estudosos do panorama musical profesional**. (NOTA: *trátase dun criterio preferente pero non excluínte*).

Galician Connection

PRAZAS:

40

TARIFAS:

Xeral: 70€

Reducida: 50€ para estudantes dalgunha disciplina musical.

Inclúe: participación en todo o programa, incluído o **Foro Diálogo Intercultural e Desenvolvemento Cultural Sostible** e o **concerto de clausura**.

DATAS:

11, 12 e 13 de abril.

LUGAR:

Biblioteca de Galicia.

INSCRICIÓN:

www.cidadedacultura.org

Galician Connection conta con dúas actividades abertas ao público xeral, previa inscrición ou compra de entrada.

Foro Diálogo Intercultural e Desenvolvemento Cultural Sostible

PRAZAS:

50.

TARIFA:

10€.

DATA E HORA:

11 de abril. 17:00 horas.

LUGAR:

Auditorio da Biblioteca de Galicia.

INSCRICIÓN:

www.cidadedacultura.org

Concerto no Museo de Galicia

PREZO:

12€ + gastos de xestión. Aforo máximo: 400 persoas.

DATA:

13 de abril.

LUGAR:

Museo de Galicia.

VENDA DE ENTRADAS:

proximamente en www.servinova.com

COMO CHEGAR:

Consulte os itinerarios e horarios de buses en:
www.cidadedacultura.org/horarios.aspx

**CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

**PATRONOS
FUNDACIÓN
GAIÁS**

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos responsables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.



INDITEX

INVERAVANTE



Fundación Barrié

Banco Gallego



Campo

GADISA



**Astillero
BARRERAS
V I G O**

Estrella Galicia

R

MONBUS

CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

EXPLO
RAR 

EXPOSICIÓNS

▶ MÚSICA

LITERATURA E
PENSAMENTO

EN FAMILIA

Gabinete de Comunicación da Consellería de
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
981 545400 / 545443
gabinete.prensa@edu.xunta.es

Produce:

nordesia

Organiza:



fundación cidade
da cultura de galicia



XUNTA
DE GALICIA